

## EDITORIAL

*A recente celebración do quinto centenario da publicación, en 1516, no taller lovaniense de Dirk Martens, da soada obra de Tomás Moro Utopía, que tivo como título orixinal De optimo reipublicae statu, deque nova insula Vtopia, pareceunos que era unha excelente ocasión para dedicar o apartado monográfico do presente número 15 da revista QUINTANA ao tema “Utopías e soños nas artes” que é abordado aquí, desde moi diferentes puntos de vista, por moi destacados investigadores.*

*Así Olaya Sanfuentes, a través da análise dun frontispicio dunha crónica americana quinientista, profunda en cómo se tentou proxectar a idea utópica dun imperio católico de aspiración universal. Michael Jakob, pola súa banda, aborda un estudo sobre a paisaxe, apreciando que aínda que se advirte desde o inicio da súa concienciación unha aspiración que levaba un ideal, tamén se evidenciaban moitas ambigüidades que son visibles igualmente na arte da paisaxe contemporánea sempre condicionado polo tempo e a fugacidade. Á súa vez Juan Calatrava estuda dous interesantes textos do xénero político-literario da utopía, pertencentes a Victor Fournel e Victor Hugo, que están directamente relacionados co contexto dos grands travaux do París de Hausmann e da exposición universal de 1867. William Rey Ashfield, pola contra, lévanos ao coñecemento da arquitectura contemporánea uruguiaia ao analizar a inserción de ideas utópicas no proxecto de Parques Escolares que se materializou nalgúns realizacións de gran interese levadas a cabo nos anos vinte e trinta. Finalmente Francisco Jarauta expón sobre todo unha reflexión que ten que ver coas formulacións arquitectónicas e urbanísticas máis radicais xurdidas nos anos sesenta -situacionistas, membros de Archigram, grupo de Andrea Branzi...- e se terían validez e aplicación no mundo actual tan urbano e globalizado.*

*Xa no apartado de Colaboracións, son de destacar os traballos dun amplo elenco de investigadores: Monserrat Capelán, Daniel Crespo e David García López, Angélica García Manso, Francesco Gaveri, Enrique José Lista Romay, Valeria Manfrè, Bruno Marques e Miguel Mesquita Duarte, Alexandra Mesa Mendieta, Constanza Nieto, Pedro Poyato, Alfonso del Río e Marta Rico, Alberto Rubio e Juan Calduch ou Pedro Emilio Zamorano e Patricia Herrera. Entre todos analizan unha gran diversidade de temas que van desde a propaganda profernandina en Venezuela a través da música e o teatro no contexto da Guerra da Independencia española, á figura do insigne intelectual ilustrado Ceán Bermúdez, pasando polo estudo de La sirena del Mississippi de François Truffaut, os extravagantes acumulacionistas irmáns Collyer, o fotógrafo Virxilio Viéitez, a representación da Cidade Mediterránea no Renacemento, o cinema experimental de Warhol, Ono e Julião Sarmento, o Museo de Arte Moderna de Bogotá ou o concepto de “obra de arte total” e o seu eco nos totalitarismos, aos que se engaden outros estudos referidos aos documentais agrarios españois dos anos corenta, ás prácticas artísticas e a súa interferencia no proceso de significación de enfermidades mediáticas, ao pensamento arquitectónico de Goethe ou ao intervencionismo estatal que houbo en Chile sobre as manifestacións artísticas entre os séculos XIX e XX.*

*Escritos sobre... rescata esta vez un traballo do gran arquitecto Antonio Palacios, publicado en 1925 e titulado La conservación de nuestro tesoro artístico regional, que é debullado de maneira moi completa e minuciosa por José Ramón Iglesias Veiga, un dos seus máis destacados especialistas.*

*Feitos e tendencias dá conta da recente exposición sobre o Maestro Mateo no Museo del Prado e da que, co título Con-fío en Galicia, celebrouse no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura, cada unha comentada por Ramón Yzquierdo Peiró e Fátima Díez Platas que as coñeceron, certamente, de maneira moi directa.*

*Finalmente o apartado de recensións aborda, como é habitual, a análise de bo número de publicacións saídas á luz nos últimos anos, sempre realizadas co máximo rigor polo noso amplo equipo de colaboradores.*

*En consecuencia, despois de dar conta de todos os contidos que forman parte do presente número, só quedanos manifestar os obrigados agradecementos. Obviamente a todos os autores e colaboradores que participaron neste número así como aos membros do comité científico e de redacción polos seus continuos apoios. Aos secretarios Jesús A. Sánchez García e a Julio Vázquez Castro polo enorme traballo asumido e a súa impecable eficacia; a Juan Luís Blanco Valdés e José Enrique Quintáns Míguez, do Servizo de Publicacións da USC, pola súa cobertura editorial e o esforzo que realizan por difundir en medios e plataformas a visibilidade da revista; a Xosé Cobas e todo o persoal da Imprenta da Deputación por facer ver a súa gran profesionalidade no deseño e a impresión de QUINTANA, sempre caracterizada pola súa modernidade e pulcritude; obviamente, tamén o noso agradecemento máis sincero a Amparo Taboada, oficial maior da Deputación e á Comisión de Publicacións, polo seu decidido apoio. E está claro a Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña pois, como máximo responsable da Institución provincial, segue crendo e apoiando a nosa revista que fai realidade un continuado proxecto académico. A todos, pois, o noso testemuño máis sincero de gratitude.*

Alfredo Vigo Trasancos  
Director de QUINTANA